

Martes, 21 de xullo de 2026

Núm. 137

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****CERDEDO COTOBADÉ****Ordenanzas e Regulamentos*****APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA XESTIÓN DA LIMPEZA
E PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE***

ANUNCIO NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA XESTIÓN DA LIMPEZA E PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE

Por Acordo do Pleno de data 28/05/2026, aprobouse inicialmente a ORDENANZA REGULADORA DA XESTIÓN DA LIMPEZA E PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE, ao non terse presentado reclamación durante o prazo de exposición pública, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio da ORDENANZA REGULADORA DA XESTIÓN DA LIMPEZA E PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**ORDENANZA REGULADORA DA XESTIÓN DA LIMPEZA
E PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE**

ORDENANZA REGULADORA DA XESTIÓN DA LIMPEZA E PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE	1
PREÁMBULO	2
TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS	3
ARTIGO 1. Obxecto	3
ARTIGO 2. Ámbito de aplicación	3
ARTIGO 3. Normativa de aplicación	3
ARTIGO 4. Definicións	4
TÍTULO II. LIMPEZA DE ESPAZOS PÚBLICOS	5
Capítulo I.—Da limpeza da vía pública	5
ARTIGO 5. Prohibicións ante o uso xeral do espazo público	5
ARTIGO 6. Obrigas ante a sucidade a consecuencia de obras e actividades	6
ARTIGO 7. Colocación de contedores de residuos de obra e construción	7
Capítulo II.—Colocación de carteis e pancartas na vía pública	8
ARTIGO 8. Colocación de elementos publicitarios	8
Capítulo III.—Pintadas	8
ARTIGO 9. Pintadas en espazos públicos	8
TÍTULO III. LIMPEZA PRIVADA	9
Capítulo I.—Mantemento da salubridade, seguridade e ornato público	9
ARTIGO 10. Mantemento de terreos e construcións privadas	9
ARTIGO 11. Faixa de protección nas vías municipais	10
Capítulo II.—Limpeza e xestión da biomasa	11
ARTIGO 12. Persoas responsables	11
ARTIGO 13. Obrigas de xestión da biomasa	12
ARTIGO 14. Criterios de xestión da biomasa	12
ARTIGO 15. Réxime de autorización para corta de arborado	13



Martes, 21 de xullo de 2026

Núm. 137

Capítulo III.—Procedemento de orde de xestión de biomasa	14
ARTIGO 16. Inicio do procedemento	14
ARTIGO 17. Tramitación do procedemento	15
ARTIGO 18. Execución das actuacións	15
ARTIGO 19. Incumprimento das obrigas	16
ARTIGO 20. Multas coercitivas	16
ARTIGO 21. Execución subsidiaria	17
Capítulo IV.—Plantacións	18
ARTIGO 22. Prohibicións e distancias	19
TÍTULO IV. REXIME SANCIONADOR	19
ARTIGO 23. Procedemento sancionador	19
ARTIGO 24. Infraccións	20
ARTIGO 25. Sancións	20
ARTIGO 26. Competencia sancionadora	21
ARTIGO 27. Reducións por recoñecemento da responsabilidade e pago voluntario	22
ARTIGO 28. Prescrición das infraccións	22
DISPOSICION ADICIONAL	23
DISPOSICION DEROGATORIA	23
DISPOSICION FINAL UNICA	23
ANEXO I	24

PREÁMBULO

De conformidade coa potestade regulamentaria atribuída polos artigos 4.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora do réxime local e 6.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, o Concello de Cerdedo Cotobade propónse, por medio da presente ordenanza, a regulación da xestión da limpeza no espazo público e en terreos privados, así como as plantacións, no solo urbano, urbanizable e de núcleo rural.

Na sociedade actual incrementouse sensiblemente a preocupación polos problemas relativos á conservación do noso patrimonio natural e da nosa biodiversidade. A globalización dos problemas ambientais e a crecente percepción dos efectos do cambio climático; o progresivo esgotamento dalgúns recursos naturais; a desaparición, en ocasións irreversible, de gran cantidade de especies da flora silvestres, e a degradación de espazos naturais de interese e os incendios forestais, convertéronse en motivo de seria preocupación para a cidadanía, que reivindican o seu dereito, recollido na Constitución no artigo 45, a un medio ambiente de calidade que asegure a súa saúde e o seu benestar.

Esta Ordenanza, no ámbito das súas competencias, responde ao obxecto de conseguir as axeitadas condicións de salubridade e ornato público, de seguridade para previr os incendios de maneira que se protexan dos mesmos ás persoas, ás infraestruturas e aos ecosistemas e fomentar a conservación da biodiversidade.

Co obxecto de establecer medidas de prevención de incendios forestais e de protección da seguridade viaria, régúlase a presenza de especies vexetais pirófitas nas marxes das vías municipais pavimentadas, establecendo faixas mínimas de protección e obrigas de mantemento da vexetación.



Martes, 21 de xullo de 2026

Núm. 137

*TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS***ARTIGO 1. Obxecto**

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación, dentro do termo municipal de Cerdedo Cotobade, da limpeza en espazos públicos como en terreos privados, no ámbito das competencias atribuídas ao Concello pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

ARTIGO 2. Ámbito de aplicación

1. As prescricións da presente Ordenanza serán aplicables no marco do disposto na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2. Concretamente, será de aplicación en toda superficie municipal situada no interior de núcleos de poboación (solo de núcleo rural, urbano e urbanizable).

ARTIGO 3. Normativa de aplicación

O réxime xurídico aplicable ás actividades e condutas reguladas nesta ordenanza estará constituído polo previsto na mesma, na lexislación estatal e na autonómica aplicable na materia.

De maneira non exhaustiva, cítase as seguintes:

- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG).
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).
- Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia modificada pola Lei 9/2017, de 26 decembro, de medidas fiscais e administrativas e pola Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.
- Instrución 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigacións de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas imposta pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a Lei 6/2011, de 13 de outubro, de mobilidade de terras, e a Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.
- NNSS e PXOM vixentes no termo municipal.
- Código Civil, Título VII, Capítulo II. Servidumes legais. Sección Sétima.
- Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.



Martes, 21 de xullo de 2026

Núm. 137

ARTIGO 4. Definicións

Aos efectos da presente ordenanza serán de aplicación ás definicións recollidas na normativa estatal e autonómica relacionada no artigo 3.

Aos efectos desta ordenanza consideraranse remarcar as seguintes definicións:

- a) Solo urbano: Terreos que o planeamento tivera definido e clasificado como tal en virtude do disposto no artigo 16 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- b) Núcleos rurais: Terreos que se incluían dentro dos núcleos rurais delimitados no planeamento municipal, de conformidade ca disposto no artigo 23 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- c) Solo urbanizable: Constituirán o solo urbanizable os terreos que o planeamento estime necesarios e adecuados nos termos fixados no artigo 27 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- d) Monte ou terreo forestal: Todo terreo que cumpre con algún dos criterios especificados no artigo 2 da lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia
- e) Repoboación forestal: Introducción de especies forestais nun terreo mediante sementeira ou plantación.
- f) Zonas de influencia forestal: Áreas estremeiras que abarcan una franxa circundante dos terreos forestais cunha anchura de 400 metros, excluindo o solo urbano, de núcleo rural e o urbanizable delimitado.
- g) Rede de faixas de xestión de biomasa: o conxunto de parcelas lineais do territorio estratexicamente localizadas, onde se garante o control e a eliminación total ou parcial da biomasa forestal, mediante técnicas silvícolas axeitadas, co obxectivo principal de reducir o risco de incendio.
- h) Redes secundarias de faixas de xestión de biomasa: teñen un ámbito municipal e posúen a función prioritaria de protección dos núcleos poboacionais, das infraestruturas, dos equipamentos sociais, das zonas edificadas, dos parques e dos polígonos industriais.
- i) Especies pirófitas: especies consideradas xeradoras ou potenciadoras dos riscos vencellados aos incendios forestais e que están incluídas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- j) Especies frondosas: Especies arbóreas autóctonas incluídas no Anexo I da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de Montes de Galicia.
- k) Especie exótica ou alóctona: refírese a especies e subespecies, incluíndo os seus partes, gametos, sementes, ovos ou propágulos que puidesen sobrevivir ou reproducirse, introducidos fóra da súa área de distribución natural e da súa área potencial de dispersión, que non puidese ocupar sen a introdución directa ou indirecta, ou sen o coidado do home.
- l) Especie exótica invasora: especie exótica que se introduce ou establece nun ecosistema ou hábitat natural ou seminatural, e que é un axente de cambio e ameaza para a



diversidade biolóxica nativa, xa sexa polo seu comportamento invasor, ou polo risco de contaminación xenética.

- m) Vía pública: avenidas, estradas, pistas e accesos, paseos, rúas, prazas, beirarrúas, travesías, camiños, xardíns, zonas verdes, zonas terrosas e demais bens públicos de uso público municipal destinados directamente ao uso común xeral dos cidadáns. os ríos e praias fluviais e as rutas de sendeirismo que sexan executadas ou homologadas polo Concello terán tamén a consideración de vía pública.

TÍTULO II. LIMPEZA DE ESPAZOS PÚBLICOS

CAPÍTULO I.—DA LIMPEZA DA VÍA PÚBLICA

ARTIGO 5. Prohibicións ante o uso xeral do espazo público

1. Queda prohibido tirar e abandonar na vía e espazos públicos toda clase de produtos de estado sólido, líquido ou gasoso. Os residuos sólidos de pequeno formato como papeis, envoltorios e similares deberán depositarse nas papeleiras instaladas ao efecto ou en contedores do Servizo público de limpeza.

2. Prohíbese botar cigarros, puros, cabichas ou outros materiais similares no chan. En todo caso deberán depositarse unha vez apagadas ou ben nos cinzeiros instalados ao efecto.

3. Prohíbese botar no chan calquera clase de desperdicio dende os vehículos, xa estean parados ou en marcha.

4. Prohíbese satisfacer necesidades fisiolóxicas na vía pública.

5. Os cans, gatos, e demais animais domésticos non deberán ensuciar as rúas e espazos públicos, estando obrigados os donos de tales animais á recollida de tódolos excrementos mediante bolsas ou calquera outro sistema axeitado ao efecto, así como levalos suxeitos con correa nos núcleos de poboación. En todo caso estarase ao que dispoñan as normas e demais disposicións relativas á tenza de animais.

ARTIGO 6. Obrigas ante a sucidade a consecuencia de obras e actividades

1. Tódalas actividades que poidan ocasionar sucidade na vía pública, calquera que sexa o lugar en que se desenvolva e sen prexuízo das licenzas ou autorizacións que en cada caso sexan procedentes, esixe dos seus titulares a obriga de adoptar as medidas necesarias para evitar a sucidade na vía pública, así como a de limpar a parte dela e dos seus elementos estruturais que se viran afectados, e a de retirar os materiais resultantes.

A Autoridade Municipal poderá esixir en todo momento as accións de limpeza correspondentes.



Martes, 21 de xullo de 2026

Núm. 137

2. Para prever a sucidade, as persoas que realicen obras na vía pública deberán proceder á protección desta mediante a colocación de elementos axeitados arredor dos derrubes, terras e outros materiais sobranceiros de obra, de modo que impidan a diseminación e vertido destes materiais fora da estrita zona afectada polos traballos.

3. Cando se trate de obras na vía pública ou confrontantes, deberán instalarse valados e elementos de protección así como tubos para a carga e descarga de materiais e produtos de derribo, que deberán reunir as condicións necesarias para impedir que se ensucie a vía pública e que se causen danos ás persoas e infraestruturas.

4. A obriga de limpar a vía pública pola sucidade provocada por unha obra corresponderá ao contratista. Unha vez rematada a obra e recollidos a totalidade dos escombros e/ou materiais o contratista deberá deixar en perfecto estado tanto a vía pública coma a beirarrúa no seu caso.

5. Os materiais empregados na reposición dos pavimentos afectados serán exactamente os mesmos que os existentes con anterioridade a execución das obras, excepto que na licenza municipal ou por orde municipal posterior se indiquen outros.

6. Os titulares de establecementos, sexan fixos ou non, tales como bares, cafés, quioscos, postos de venda e similares, terán a obriga de manter nas debidas condicións de limpeza tanto as propias instalacións como o espazo urbano sometido a súa influencia.

7. Están obrigados a limpar os espazos ocupados habitualmente polos vehículos de tracción mecánica, os responsables dos establecementos e industrias que os utilicen para o seu servizo, en especial en canto se refire aos vertidos de aceites, graxas ou produtos similares, así como os restos de terra, esterco, etc., que queden no espazo público despois das labores agrarias nas fincas, especialmente ao saír os vehículos ás beirarrúas ou estradas, dos que serán responsables os donos das propiedades.

8. Respecto a limpeza de vías e espazos públicos municipais por actividades de aproveitamento madeireiro, atenderase ao disposto na ordenanza reguladora para a protección e conservación das vías públicas municipais en relación coas operacións de corta, saca, depósito e transporte de madeira e do aproveitamento de subprodutos forestais do Concello de Cerdedo Cotobade.

ARTIGO 7. Colocación de contedores de residuos de obra e construción

1. Queda terminantemente prohibido depositar, na vía pública ou nos contedores municipais destinados a residuo doméstico, calquera tipo de residuos procedentes dunha obra, salvo que os residuos atópanse no interior de contedores ou sacos para os que se dispoña da oportuna autorización de ocupación de vía pública, sendo preciso acoutar e sinalizar debidamente a localización dos mesmos.

2. A ocupación da vía pública con contedores ou sacos de obra deberá contar coa correspondente autorización e será obxecto da taxa correspondente. Será obrigatorio manter o espazo público en bo estado de limpeza, adoptando as medidas de prevención, e no seu caso,

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: WX875DD0NYYL1EOC



Martes, 21 de xullo de 2026

Núm. 137

de corrección necesarias. O concello poderá realizar as comprobacións oportunas antes, durante e despois, para garantir o cumprimento da ordenanza.

3. A área onde se localice os contedores ou sacas para os residuos de obras deberán presentar no seu exterior de maneira perfectamente visible os datos da empresa responsable e os da comunicación ou licenza municipal vixente.

4. Queda prohibido depositar residuos nos contedores ou sacos de obra excedendo o nivel de enchido máximo segundo o seu tipo, de maneira que a altura alcanzada polos residuos non poda superar a altura dos lados.

5. Os vehículos no que se efectúe o transporte de terras e escombros procedentes de obras reunirán obrigatoriamente as debidas condicións para evitar a dispersión do seu contido sobre a vía pública.

6. As operacións de instalación e retirada dos contedores para obras deberán realizarse de modo que non causen molestias para a cidadanía nin a viais e espazos públicos.

7. Os contedores de obras deberán utilizarse ou manipularse de modo que o seu contido non se verta á vía pública ou non poida ser levantado ou espallado polo vento.

8. Ao retirar o contedor, o promotor será responsable de asegurar que se deixa en perfectas condicións de limpeza a superficie da vía pública ocupada.

9. O titular da licenza ou comunicación previa será responsable dos danos causados ao pavimento da vía pública. No caso de producirse, deberá comunicalo inmediatamente aos servizos municipais correspondentes e correrán ao seu cargo as reparacións de ditos danos. A empresa e o promotor da obra serán responsables solidarios das obrigas que corresponden ao titular da licenza/autorización de instalación do contedor.

CAPÍTULO II.—COLOCACIÓN DE CARTEIS E PANCARTAS NA VÍA PÚBLICA

ARTIGO 8. Colocación de elementos publicitarios

1. Queda prohibido a colocación e pegado de carteis e pancartas en espazos públicos, salvo os que expresamente contén con autorización municipal.

2. A concesión da autorización para a colocación ou distribución de rótulos e demais elementos publicitarios, levará implícita a obriga para o responsable de limpar os espazos da vía pública que se mancharan e a de retirar tódolos elementos publicitarios que se utilizaran e os seus correspondentes accesorios.

3. Prohíbese a colocación de carteis e pancartas en bens afectos a un servizo público municipal, tales como marquesiñas, contedores, farois, papeleiras, etc., ou en calquera outro mobiliario urbano existente.



Martes, 21 de xullo de 2026

Núm. 137

4. Os promotores ou beneficiarios desta publicidade responderán desta prohibición. O incumprimento da mesma dará lugar á imposición da sanción correspondente, así como a obriga do publicitario de proceder á retirada destes carteis e pancartas e á limpeza da parte manchada.

5. A colocación de pancartas na vía pública soamente se autorizará nos seguintes supostos:

- a) En período de eleccións políticas e sindicais.
- b) En período de festas populares e tradicionais dos distintos núcleos e eventos deportivos.
- c) En situacións expresamente autorizadas pola Alcaldía.

6. As pancartas deberán ser retiradas tan pronto como rematara o prazo para o que foron autorizadas. De non facelo así, serán retiradas polos servizos municipais, imputándose aos responsables o custo correspondente ao servizo prestado, sen prexuízo da imposición da sanción que corresponda.

CAPÍTULO III.—PINTADAS

ARTIGO 9. Pintadas en espazos públicos

1. Prohíbese toda clase de pintadas na vía pública e en calquera edificación municipal en xeral, tanto sobre os seus elementos estruturais, calzadas, beirarrúas e mobiliario urbano, como sobre os muros e paredes exteriores.

2. Serán excepcións en relación co disposto no número anterior as pintadas murais de carácter artístico, para as que será preciso a previa autorización municipal.

TÍTULO III. LIMPEZA PRIVADA

CAPÍTULO I.—MANTEMENTO DA SALUBRIDADE, SEGURIDADE E ORNATO PÚBLICO

ARTIGO 10. Mantemento de terreos e construcións privadas

1. Os propietarios de toda clase de construcións e terreos deberán mantelos limpos, libres de residuos, maleza e nas debidas condicións de hixiene, salubridade, seguridade e ornato público.

2. Sen prexuízo das obrigas das persoas titulares das parcelas lindeiras con vías públicas municipais, o Concello poderá actuar directamente sobre os dous (2) metros iniciais do dominio público viario contados desde a arista exterior da explanación.

Estas actuacións poderán incluír tarefas de limpeza, desbroce ou eliminación de vexetación pirófitas cando resulte necesario para garantir a seguridade viaria ou a prevención de incendios.

3. É unha obriga dos propietarios dos edificios lindeiros coa vía pública manter as baixantes e canlóns en perfectas condicións e coas conexións legalmente autorizadas.



Martes, 21 de xullo de 2026

Núm. 137

4. No caso de constatarse polos servizos municipais un risco de saúde pública, os propietarios estarán obrigados a esixencia da desratización e desinfección das súas propiedades.

5. Se por motivo de interese público fose necesario asumir subsidiariamente as obrigas do propietario, o Concello poderá acceder á propiedade privada previa a solicitude da correspondente autorización xudicial. O Concello imputará os propietarios os custos que se causen.

6. Os propietarios de solares, predios, fincas ou espazos privados que linden coa vía pública ou beirarrúa, no seu caso deberán valalos con cercados permanentes situados na aliñación oficial (previa autorización municipal) e mantelos libres de residuos e en condición de hixiene, seguridade e ornato.

7. Os valados e peches das fincas deberán cumprir coa lexislación urbanística e, en caso de peches vexetais, o propietario deberá asegurarse de que o voo dos mesmo non exceda a correspondente aliñación, podendo en caso contrario o concello proceder á súa poda, a costa do propietario, ademais de imposición das sancións que procedan.

8. A entrada de maquinaria agrícola ou vehículos motorizados en xeral a través das vías públicas ou beirarrúas só estará permitida no caso de que o peso das mesmas non produza danos no pavimento e servizos públicos. En caso contrario deberase proceder de inmediato á perfecta reposición dos mesmos con cargo ao propietario do solar ou predio obxecto destas actuacións. Esta actuación estará suxeita á previa autorización municipal.

ARTIGO 11. Faixa de protección nas vías municipais

1. Aos efectos do regulado neste artigo, a faixa de protección será de aplicación nas vías de titularidade municipal pavimentadas dentro do termo municipal e afectará ás parcelas ou terreos lindeiros con ditas vías.

2. Establécese unha faixa lineal de protección e defensa nas marxes das vías municipais pavimentadas (quedan excluídos os camiños en terra) na que non poderá existir presenza de especies pirófitas, entendendo a non existencia das mesmas tanto do tronco como das ramas. Consideraranse especies pirófitas aquelas incluídas na normativa autonómica vixente en materia de prevención de incendios forestais.

3. A faixa de protección terá a seguinte distancia medida desde o borde exterior do firme pavimentado:

- a) Vías de igual ou maior a 6 metros de ancho de pavimento: 6 metros
- b) Vías de ata 6 metros de ancho de pavimento: 7 metros

4. As especies pirófitas preexistentes á entrada en vigor desta ordenanza deberán adaptarse ás distancias establecidas neste artigo, atendendo ao seguinte réxime transitorio. O Concello realizará requirimentos iniciais ás persoas titulares das parcelas afectadas, seguindo o establecido no artigo 12, e concederase un prazo máximo de tres meses para proceder á eliminación das



Martes, 21 de xullo de 2026

Núm. 137

especies situadas dentro da franxa de protección. Durante este prazo non procederá a imposición de sancións pola mera existencia das especies preexistentes.

5. A obriga de manter libre de especies pirófitas a faixa de protección inclúe tamén os exemplares que aparezan por rebrote ou rexeneración natural. As persoas titulares das parcelas lindeiras deberán manter permanentemente libre de especies pirófitas a franxa de protección. Esta obriga existirá con independencia de que se realicen requirimentos municipais, sen aplicación do réxime transitorio anterior.

6. En caso de incumprimento, o Concello poderá proceder á execución subsidiaria dos traballos necesarios, repercutindo o custo ás persoas obrigadas, e mesmo á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, sendo competente para a súa tramitación e imposición incluso en aqueles terreos sobre os que pola súa natureza a competencia sancionadora corresponda a outras administracións públicas.

7. As repoboacións forestais deberán respectar as distancias mínimas establecidas na normativa forestal autonómica. A presente ordenanza non modifica nin substitúe as distancias establecidas pola normativa forestal para novas plantacións forestais.

8. O Concello poderá establecer plans anuais de inspección co fin de comprobar o cumprimento das obrigas establecidas neste artigo.

CAPÍTULO II.—LIMPEZA E XESTIÓN DA BIOMASA

ARTIGO 12. Persoas responsables

1. Para os efectos da presente ordenanza, entenderase por persoas responsables da limpeza e xestión de biomasa, as persoas físicas ou xurídicas titulares ou, de ser o caso, as titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos afectados pola mesma, así como as administracións, as entidades ou as sociedades que teñan encomendada a competencia sobre a xestión, ou cedida esta en virtude dalgunha das formas previstas legalmente, das vías de comunicación e das liñas de transporte de enerxía eléctrica.

2. Cando pertenza a unha persoa o dominio directo dun terreo ou construción e a outra o dominio útil, a obrigación recaerá sobre aquela que teña o dominio útil.

3. Para a identificación das persoas responsables do cumprimento das obrigas de xestión de biomasa teranse en conta, en primeiro termo, os datos recentes de que dispoña o órgano actuante sobre a titularidade do dereito de aproveitamento dos terreos. Para estes efectos, entenderanse por datos recentes os obtidos ou actualizados dentro dos doce meses inmediatamente anteriores.

Na falta dos datos anteriores, consideraranse persoas responsables as que figuren como titulares dos terreos no Catastro inmobiliario.



Martes, 21 de xullo de 2026

Núm. 137

Se dúas ou máis persoas figuraran como titulares en común dun mesmo terreo, sexa con atribución de cotas ou pro indiviso, entenderase que o cumprimento das obrigas comprendidas no ámbito de aplicación desta Ordenanza corresponde a todas as persoas copropietarias solidariamente e as comunicacións e requirimentos poderán dirixirse a calquera delas mentres non designen validamente unha como representante de todas para estes efectos.

4. No caso das edificacións ou instalacións destinadas ás persoas, finalizadas sen licenza, comunicación previa ou orde de execución, ou incumprindo as condicións sinaladas nas mesmas, a persoa responsable da realización da xestión da biomasa será a persoa propietaria dos terreos edificados, para o cal disporá dunha servidume de paso forzosa para acceder á faixa establecida, salvo que a parcela dispoña dunha vía de acceso directo.

Este acceso farase durante o tempo estritamente necesario para o labor de xestión da biomasa, e polo punto menos prexudicial ou incómodo para os terreos gravados e, de ser compatible, polo máis conveniente para o beneficiario.

A retirada de especies arbóreas será realizada polo seu propietario.

ARTIGO 13. Obrigas de xestión da biomasa

1. As obrigas de xestionar a biomasa recollidas neste capítulo aplicarán a toda superficie municipal situada no interior de núcleos de poboación nas parcelas clasificadas como solo de núcleo rural, urbano e urbanizable delimitado.

No resto de superficies aplicará o disposto na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e na Lei 7/2012, de 28 de Xuño, de montes de Galicia ou normas que as substitúan.

2. As persoas responsables, segundo o establecido no artigo 12, terán a obriga de xestionar a biomasa das súas parcelas conforme os criterios establecidos nesta Ordenanza, así como mantelas nas debidas condicións de seguridade, salubridade e ornato público durante todo o ano. No caso de parcelas de solo urbano, se fose necesario, deberase proceder á súa desinfección e desratización periódica.

ARTIGO 14. Criterios de xestión da biomasa

1. Nos terreos clasificados como solo urbano, solo urbanizable delimitado ou solo de núcleo rural no planeamento urbanístico e/ou recollidos desta forma no Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais do Concello de Cerdedo Cotobade, as persoas responsables deberán proceder coa xestión da biomasa na totalidade da parcela conforme aos seguintes criterios:

- a) Non poderán existir exemplares das especies pirófitas, de acordo coa definición contida no artigo 4 da presente ordenanza. Este criterio non será aplicable en parques e xardíns públicos, árbores senlleiras, exemplares que posúen un especial valor natural ou ornamental, ou que, por atoparse illado, non constitúa un risco significativo para



Martes, 21 de xullo de 2026

Núm. 137

a propagación de incendios. Ditas excepcións deberán ser acreditadas por un informe técnico.

- b) Para o resto de especies arbóreas non contempladas no parágrafo anterior realizarase a poda e rareo do estrato arbóreo de forma que se manteña unha discontinuidade horizontal entre as copas das árbores e vertical entre estas e os estratos herbáceo e arbustivo.
- c) Os propietarios de exemplares arbóreos en solo de núcleo rural ou urbano teñen o deber de xestionar, conservar e mellorar ás árbores que medran nas súas propiedades, executando os traballos precisos para garantir un adecuado estado vexetativo e de seguridade pública (podas, tratamentos fitosanitarios oportunos, etc.).
- d) Realizaranse rozas para a eliminación do estrato herbáceo e arbustivo sempre que supoña un risco para a propagación dos incendios incontrolados de vexetación. En ningún caso o estrato herbáceo poderá superar unha altura de 1 metro.
- e) Complementando o establecido no artigo 591 del Código Civil, as árbores deberán atoparse a unha distancia mínima de 2 metros respecto á liña divisoria das parcelas estremeiras e viais municipais, medida en horizontal dende o tronco, a unha altura de 1,3 m. No caso de exemplares de árbores de especial valor natural ou singularidade, acreditado mediante informe técnico, co fin de asegurar a súa conservación e biodiversidade, poderán quedar eximidas da obriga desta distancia respecto aos viais municipais.

As ramas e raíces non deberán invadir as parcelas estremeiras nin o pavimento dos viais municipais. O estrato arbustivo deberá atoparse a unha distancia mínima de 0,5 metros respecto á liña divisoria das parcelas estremeiras e nunca invadir estas.

- f) No caso de terreos nos que existan edificacións en estado ruinoso ou de abandono, realizaranse as actuacións de xestión de biomasa vexetal necesarias para evitar que a vexetación medre de xeito que comprometa a estabilidade estrutural da edificación.

2. En xeral, todos os terreos, deberán conservarse nas condicións legais para servir de soporte aos usos establecidos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles, segundo establece o artigo 135 da Lei do solo de Galicia.

3. Tras a realización dos traballos de xestión da biomasa e limpeza de terreos que resulten preceptivos, deberá executarse a eliminación dos restos, ben in situ, priorizando a trituración dos restos ou a compostaxe de ser pouca cantidade de restos vexetais; ou pola contra, proceder á súa retirada da parcela.

4. A existencia de vertedoiros incontrolados de biomasa vexetal deberá ser comunicada ao Concello, e deberase proceder a súa retirada e limpeza polas persoas responsables, segundo o establecido no artigo 12 da presente ordenanza, no prazo establecido de 15 días naturais.



Martes, 21 de xullo de 2026

Núm. 137

ARTIGO 15. Réxime de autorización para corta de arborado

1. As persoas interesadas en realizar talas e aproveitamentos de madeira deberán solicitar a correspondente autorización ante o órgano competente por razón do territorio en materia forestal, de conformidade co establecido no artigo 92 e 92 bis da Lei 7/2012, de montes de Galicia e do artigo 142, i) da Lei 2/2016, de solo de Galicia.

2. Será obrigatorio presentar ante o Concello de Cerdedo Cotobade unha comunicación previa de tala de árbores (modelo Anexo I), en parcelas clasificadas de solo urbano, urbanizable delimitado ou solo de núcleo rural, cunha antelación de 15 días hábiles respecto á execución da corta, sen prexuízo da necesaria obtención doutros permisos ou autorizacións establecidos, cando se cumpra algunha das seguintes condicións:

- a) Cortas de obrigada execución por esta Ordenanza.
- b) Corta de exemplares arbóreos de máis de 10 anos de antigüidade ou 20 cm de diámetro do tronco ao nivel do solo.
- c) Cortas de calquera exemplar arbóreo en parcelas en zona con figura de protección legal.
- d) Cortas afectadas pola lexislación de protección do dominio público.

3. Dita comunicación previa poderá estar gravada por unha taxa municipal que se recolla na correspondente ordenanza de prezos e taxas públicas do Concello de Cerdedo Cotobade.

4. Se como conclusión do correspondente informe técnico asociado a dita comunicación previa, despréndese a necesidade de solicitar autorización a unha determinada Administración sectorial, a persoa responsable de dita execución, conforme o disposto no artigo 12 desta ordenanza, será a única responsable de facer efectiva dita solicitude.

5. As actuacións de poda en solo de núcleo urbano ou rural, quedan eximidas da obrigatoriedade de comunicación previa.

6. No caso de que para executar e transportar a tala e/ou aproveitamentos de madeira, sexa necesario o emprego de viais de titularidade municipal, será necesario atender ao establecido na ordenanza reguladora para a protección e conservación das vías públicas municipais en relación coas operacións de corta, saca, depósito e transporte de madeira e do aproveitamento de subprodutos forestais do Concello de Cerdedo Cotobade.

CAPÍTULO III.—PROCEDIMENTO DE ORDE DE XESTIÓN DE BIOMASA**ARTIGO 16. Inicio do procedemento**

1. As persoas responsables deberán executar a xestión da biomasa e limpeza de terreos nas súas parcelas, de acordo co establecido nos artigos 13 e 14 desta ordenanza, durante todo o ano.

2. O Concello poderá de oficio, en calquera momento do ano, dar inicio á instrución do procedemento, para dar cumprimento ás obrigas establecidas pola presente ordenanza.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: WX875DD0NY1LEOC



Martes, 21 de xullo de 2026

Núm. 137

3. Calquera cidadán ou cidadá poderá poñer en coñecemento a posible situación de incumprimento das obrigas de xestión de biomasa, mediante a presentación no Rexistro do Concello da correspondente instancia.

Para estes efectos, as instancias deberán identificar axeitadamente a referencia catastral da/s parcela/s en situación de incumprimento, e de ter coñecemento, datos da persoa titular do terreo que obren en poder da persoa solicitante.

ARTIGO 17. Tramitación do procedemento

1. Iniciado o expediente, ben de oficio ou ben a instancia de calquera persoa interesada, será solicitado o preceptivo informe técnico de comprobación do estado da/s parcela/s, que determinará a necesidade de ordenar a execución das actuacións de xestión de biomasa ou, pola contra, o arquivo do expediente.

2. Se as conclusións do informe técnico ditaminan que a/s parcela/s obxecto do procedemento incumpre/n efectivamente as obrigas de xestión da biomasa, continuarase co procedemento para a execución das actuacións.

3. A Alcaldía emitirá unha proposta de orde de execución e procederase, a continuación, a notificar á persoa responsable co seu prazo de audiencia correspondente. Esta notificación deberá indicar a identificación catastral da parcela, os feitos polos que se incumpre esta ordenanza, os prazos de execución, a liquidación provisional e o apercibimento de multas coercitivas e sancións.

4. No caso de ser necesaria autorización de organismos sectoriais da administración para executar os traballos obrigatorios de xestión da biomasa, suspenderase o prazo concedido no apercibimento dende que o Concello teña acreditación de que a persoa interesada presentou a solicitude de autorización sectorial ata que teña todas as autorizacións pertinentes.

5. No caso de que a persoa responsable sexa descoñecida ou non posúa domicilio de notificación coñecido, ou a notificación a esta non se poida facer efectiva, se actuará conforme o artigo 44 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O Concello levará a cabo a notificación mediante a súa publicación no Boletín Oficial do Estado e no taboleiro de anuncios do Concello (físico e sede electrónica), e conterá os datos catastrais da parcela e número de expediente. Nestes supostos, o prazo para o cumprimento computarase dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial do Estado.

ARTIGO 18. Execución das actuacións

1. O prazo xeral para a execución das actuacións de xestión de biomasa é de 15 días naturais para o estrato herbáceo e arbustivo, e de 30 días naturais para o estrato arbóreo, contados desde o día seguinte á data de recepción da notificación por parte da persoa identificada como responsable ou, no seu caso, dende o día seguinte ao da data de publicación da notificación no Boletín Oficial do Estado.



Martes, 21 de xullo de 2026

Núm. 137

No caso de que a execución abranca os dous estratos, serán 30 días naturais para ambos os dous.

2. A persoa responsable que reciba a comunicación ten a obriga de poñer en coñecemento do concello a realización dos traballos de xestión requiridos. En ausencia da indicada comunicación, o concello poderá considerar os traballos como non realizados mentres non conste proba en contrario.

3. Transcorrido o prazo outorgado, os servizos técnicos municipais emitirán o correspondente informe que constate o cumprimento ou incumprimento da execución ordenada.

4. Se o devandito informe técnico conclúe que as actuacións ordenadas foron executadas nos termos esixidos na orde de execución, poderá procederse ao arquivo do expediente. En caso contrario, procederase segundo se indica no artigo seguinte.

5. No caso de que o informe técnico conclúa que as actuacións ordenadas foron executadas parcialmente, entendo como tal a non eliminación dos restos da xestión de biomasa, procederase á emisión dunha nova orde de execución na que se detallarán as actuacións necesarias para o total cumprimento das obrigas de xestión de biomasa e outorgando un novo prazo de 15 días naturais para a execución das mesmas. Se transcorrido o prazo outorgado, os servizos técnicos municipais comprobán a persistencia do incumprimento parcial, procederase segundo se indica no artigo 20.

ARTIGO 19. Incumprimento das obrigas

1. No caso de que o informe técnico de comprobación, conclúa que as actuacións dispostas non foron executadas, ordenarase a súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas reiterables ata a súa completa execución ou ben acordarase a execución subsidiaria do acordo.

2. A imposición de multas coercitivas ou, no seu caso, a incoación do procedemento de execución subsidiaria serán independentes da instrución do procedemento sancionador que poida levar a cabo xa que a falta de cumprimento das obrigacións indicadas é constitutiva de infracción administrativa, tendo as sancións que ó respecto se impoñan en cada un dos procedementos de natureza xurídica distinta.

3. No caso de que se aprecie unha necesidade sobrevinda derivada do risco de incendios, poderase proceder á execución subsidiaria mesmo naqueles supostos nos que previamente se impuxeron unha ou varias multas coercitivas, se tras a súa imposición non levou a cabo a xestión da biomasa requirida, e sen prexuízo da repercusión dos custos da xestión da biomasa á persoa responsable.



Martes, 21 de xullo de 2026

Núm. 137

ARTIGO 20. Multas coercitivas

1. Ditada unha orde de execución de limpeza e verificado o seu incumprimento por parte das persoas responsables coñecidas procederase, tal e como se reflicte no artigo anterior, ben a súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas ou ben á súa execución subsidiaria.

2. A execución forzosa a través da imposición de multas coercitivas reiterables terá as contías que ó efecto determine a lexislación, cunha contía de 900 euros por hectárea de parcela non xestionada, ou a parte proporcional se a superficie fose inferior, sendo en todo caso a contía mínima de 100 euros.

2. Entre a imposición dunha multa coercitiva e a seguinte debe mediar un prazo de tres meses.

3. No caso de resultar máis dun titular obrigado ó cumprimento da orde de execución, ben por título propio, ben por herdanzas, as multas coercitivas dividiranse entre as persoas titulares identificadas por catastro ou por datos obrantes no concello, a partes iguais, sendo apercibidas previamente de maneira individual.

ARTIGO 21. Execución subsidiaria

1. No caso de que se deba recorrer á execución subsidiaria, os custos que se repercutirán poderán liquidarse provisionalmente de maneira anticipada, incluso na comunicación inicial, e realizarse a súa exacción dende o momento en que se verifique o incumprimento da obriga de xestión da biomasa nos prazos sinalados neste artigo, sen prexuízo da súa liquidación definitiva unha vez finalizados os traballos de execución subsidiaria.

2. Para a liquidación dos custos correspondentes a cada parcela, empregaranse como referencia os prezos das tarifas de SEAGA vixentes en cada anualidade e correspondentes ás actuacións ordenadas de xestión de biomasa vexetal. A estes custos engadiráselle un custo mínimo fixo por gastos de desprazamento de medios mecánicos e persoais á parcela de 100 euros.

3. O Concello poderá optar entre a contratación do servizo de execución subsidiaria ou a execución con medios municipais. Neste último caso, os custos para liquidar finalmente serán estimados polos servizos técnicos municipais con base as ditas tarifas e recursos municipais destinados.

4. Tras a execución subsidiaria das actuacións de xestión de biomasa procederase á liquidación definitiva, previo informe de comprobación da efectiva realización da orde e custos finais.

A liquidación definitiva será notificada á persoa responsable para o correspondente cobramento ou devolución do saldo acreedor ou debedor resultante.

Cando a identidade da persoa responsable non sexa coñecida ao tempo de proceder á execución subsidiaria, a repercusión dos custos aprazarase ao momento en que, no seu caso, chegue a ser coñecida, sempre que non prescribisen os correspondentes dereitos de cobranza a favor da Facenda pública.



Martes, 21 de xullo de 2026

Núm. 137

5. Se a execución subsidiaria inclúe a retirada de especies arbóreas prohibidas, adoptarase un acordo de incoación do expediente sancionador e da medida cautelar de comiso das indicadas especies. O destino das especies obxecto de comiso será o seu alleamento, o cal será efectuado polo Concello mediante oferta pública.

No caso de venda das especies obxecto de comiso, os importes obtidos deberán aplicarse por parte do Concello para sufragar os gastos derivados das execucións subsidiarias da súa competencia.

6. No caso de que o valor comercial das especies comisadas sexa superior á liquidación final da xestión da biomasa, o titular poderá solicitar a devolución da diferenza no prazo máximo de 6 meses dende a efectiva xestión da biomasa, sen dereito a xuros.

7. No caso de non ser posible a liquidación final dos custos da execución subsidiaria, por ser a persoa responsable descoñecida ou por resultar infrutuosa a súa exacción, o Concello, no ámbito das súas competencias en solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable, poderá iniciar o procedemento de expropiación forzosa por incumprimento da función social da propiedade, de conformidade coa lexislación urbanística e de expropiación forzosa aplicable.

A incoación de dito procedemento de expropiación poderá acordarse unha vez que os custos acumulados das execucións subsidiarias sucesivas, durante un prazo máximo de catro anos, superen o valor catastral da parcela.

En solo rústico, a comunicación á Xunta de Galicia para o inicio dos procedementos correspondentes realizarase conforme á lexislación autonómica en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais.

8. Nos supostos de execución subsidiaria, a persoa responsable está obrigada a facilitar os accesos necesarios aos suxeitos que acometan os traballos de xestión da biomasa e retirada de especies arbóreas prohibidas. En todo caso, o persoal do concello ou empresas colaboradoras poderán acceder ás parcelas afectadas para realizar os traballos necesarios de xestión da biomasa e retirada de especies arbóreas prohibidas, sen que sexa preciso o consentimento do seu titular, salvo naqueles supostos en que o acceso afecte, dentro da parcela, a espazos físicos susceptibles de merecer a cualificación de domicilio aos efectos do artigo 18.2 da Constitución; caso no que deberá pedirse a correspondente autorización xudicial para a entrada neles se non se conta coa autorización do seu titular.

CAPÍTULO IV.—PLANTACIÓNS

ARTIGO 22. Prohibicións e distancias

1. De conformidade co disposto no artigo 67.1 da Lei 7/2012 de Montes de Galicia, quedan prohibidas as repoboacións forestais nos terreos clasificados como solo urbano, urbanizable, de núcleo rural e no rústico de especial protección agropecuaria.



Martes, 21 de xullo de 2026

Núm. 137

2. Nos supostos de plantacións de árbores froiteiras ou árbores ornamentais, as distancias a cumprir é a fixada no artigo 13.1 apartado e) desta ordenanza sempre que a parcela de plantación e as súas lindeiras teñan a clasificación de solo urbano ou de núcleo rural ou vial municipal. Nos restantes casos, respectarase as distancias establecidas na Lei 7/2012, de Montes de Galicia e normativas de aplicación por afeccións sectoriais.

3. Os pés de nova plantación de calquera especie forestal permitida ou arbórea ornamental deberán estar distanciados das vivendas como mínimo 5 metros. Exceptúanse deste cumprimento as plantacións anteriores á entrada en vigor desta Ordenanza, que en todo caso deberán respectar a distancia mínima fixada no artigo 14.1 apartado e) desta ordenanza.

4. As distancias mediranse en horizontal dende o tronco da árbore.

5. Non está permitida a plantación de exemplares de especies arbóreas pirófitas en solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable.

6. Queda prohibido a plantación de especies exóticas invasoras que estean recollidas no Catálogo do Real Decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras e Regulamento (UE) 1143/2014, do 22 de outubro de 2014, sobre a prevención e a xestión da introdución e propagación de especies exóticas invasoras.

7. No suposto de plantación de especies non autóctonas e non invasoras, estas deberán ser preferente híbridos ou variedades estériles para evitar a súa propagación involuntaria.

TÍTULO IV. REXIME SANCIONADOR

ARTIGO 23. Procedemento sancionador

1. Considéranse infraccións administrativas, con relación ás materias ás que se refire esta ordenanza, as accións ou omisións que comporten un incumprimento das obrigas, prohibicións ou requisitos que establece esta ordenanza.

2. O procedemento sancionador, suxeitarase ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

ARTIGO 24. Infraccións

1. As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.

2. Constitúe infracción leve:

- a) As condutas prohibidas reguladas no Título II desta ordenanza cando non deban cualificarse como graves ou moi graves.
- b) As condutas prohibidas reguladas no Capítulo I e IV do Título III desta ordenanza cando non deban cualificarse como graves ou moi graves.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: WX875DD0NYYL1EOC



Martes, 21 de xullo de 2026

Núm. 137

- c) Non proceder á xestión da biomasa cos criterios regulados nesta ordenanza.
- d) O incumprimento do réxime de autorizacións en materia de cortas de arborado establecida no artigo 15 da presente ordenanza.

3. Constitúe infracción grave:

- a) Non proceder á xestión da biomasa cos criterios establecidos nesta ordenanza, unha vez notificada a súa obriga, cando exista alto risco de incendio e perigo para as persoas e construcións.
- b) Non permitir ou obstruír o acceso ao persoal de inspección e vixilancia para a inspección dos terreos.
- c) A negativa a subministrar información á autoridade municipal, ao persoal funcionario e aos/ás axentes en cumprimento das súas funcións.
- d) A realización de plantacións posteriores á entrada en vigor desta ordenanza non cumprindo o establecido nesta ordenanza.
- e) A reincidencia en infraccións leves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión no termo dun ano de máis dunha infracción leve, cando así fose declarado por resolución firme. O prazo comezará a contar dende o día en que a primeira resolución sexa firme nesta vía.

4. Constitúe infracción moi grave:

- a) Cando houbese unha grave repercusión nos recursos naturais ou grave perigo para a salubridade pública.
- b) A reincidencia en infraccións graves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión no termo de dous anos de máis dunha infracción grave, cando así fose declarado por resolución firme. O prazo comezará a contar dende o día en que a primeira resolución sexa firme nesta vía.
- c) A resistencia, coacción ou ameaza á autoridade municipal, persoal funcionario e axentes.

ARTIGO 25. Sancións

1. As sancións aplicables serán as seguintes:

- Por infraccións leves, multa dende 100 a 600 euros.
- Por infraccións graves, multa dende 601 a 1.500 euros.
- Por infraccións moi graves, multa de 1.501 a 3.000 euros.

2. Os criterios para a gradación das sancións serán os mesmos que os previstos no artigo 52 da Lei 3/2007 do 9 de abril:

- a) A superficie afectada e o valor atribuído a cada tipo de cobertura vexetal ou arbórea.
- b) Adopción de medidas tendentes a diminuír o dano.
- c) A diferente consideración da época de perigo, zonas de risco e índice de risco diario de incendio forestal, na data da comisión da infracción.



Martes, 21 de xullo de 2026

Núm. 137

- d) A reiteración, entendida como a concorrencia de varias irregularidades ou infraccións que se sancionen no mesmo procedemento.
- e) Grao de intencionalidade.
- f) A situación de risco creado para as persoas ou os bens.
- g) Contía do beneficio obtido ou ánimo de lucro.
- h) A natureza dos prexuízos causados e a irreversibilidade destes.
- i) A transcendencia social, medioambiental ou paisaxística.
- j) A agrupación ou organización para cometer a infracción.
- k) Que a infracción fose cometida en zona queimada ou declarada como de especial risco de incendios.
- l) A reincidencia na comisión dunha infracción no último ano. O prazo comezará a contarse dende o día seguinte a aquel no que adquirise firmeza na resolución en vía administrativa.

3. No caso de incumprimento das prescricións sobre plantación de árbores en solo urbano, de núcleo rural, ou urbanizable delimitado, teranse en conta os seguintes criterios complementarios:

- a) Se os exemplares plantados son especies pirófitas.
- b) Se o incumprimento concirne ás distancias mínimas con gasolineiras ou outras instalacións nas que se desenvolvan actividades cualificables de perigosas, segundo a Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

4. No caso de incumprimento do réxime de autorizacións en materia de cortas de arborado en solo urbano, de núcleo rural, ou urbanizable delimitado, terase en conta como criterio complementario agravante se os exemplares cortados pertencen a especies de frondosas.

ARTIGO 26. Competencia sancionadora

1. A competencia para iniciar, instruír e resolver os procedementos sancionadores polas infraccións tipificadas nesta Ordenanza corresponderá ao Concello de Cerdedo Cotobade cando estas se cometan en solo urbano, solo urbanizable ou de núcleo rural.

2. No suposto do parágrafo anterior, a competencia para resolver os procedementos sancionadores pola comisión de infraccións a esta ordenanza pertence á persoa titular da Alcaldía.

3. A administración autonómica, seguindo o establecido na Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, será competente para iniciar e instruír os procedementos sancionadores nos supostos de incumprimento da normativa autonómica en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais que afecten a solos rústicos ou cando a lexislación sectorial autonómica llo atribúa expresamente. A estes efectos, nos supostos prevenidos no artigo 11 verbo das faixas laterais do vial municipal, o Concello sen prexuízo de actuar no ámbito das súas competencias elevará testemuña da infracción cometida



Martes, 21 de xullo de 2026

Núm. 137

ó órgano autonómico competente para a tramitación e resolución do correspondente expediente sancionador.

4. No caso de concorrencia de infraccións ou dúbidas sobre a competencia, aplicarase o principio de especialidade e estarase ao disposto na lexislación sectorial aplicable e na normativa de réxime local.

ARTIGO 27. Reducións por recoñecemento da responsabilidade e pago voluntario

1. Unha vez iniciado o procedemento sancionador, a persoa presunta responsable terá dereito á aplicación de reducións sobre o importe da sanción proposta, condicionada a que concorran as dúas circunstancias seguintes:

- Recoñecemento formal da responsabilidade.
- Que se efectúe o pago voluntario da contía reducida no prazo de quince días hábiles contados desde o día seguinte ao da notificación de incoación do expediente sancionador.

2. Para as infraccións leves e graves, aplicarase unha redución do 50% sobre o importe da sanción proposta.

3. Para as infraccións moi graves, e co obxecto de manter o carácter exemplificativo e disuasorio da norma e o principio de proporcionalidade dada a natureza dos danos causados ou risco xerado, a redución será do 20%.

4. A efectividade de calquera das reducións previstas neste artigo estará condicionada a desistencia ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción.

5. O pago coa redución correspondente porá fin ao procedemento sen necesidade de ditarse resolución expresa, sen prexuízo da facultade de interpor o recurso contencioso-administrativo.

ARTIGO 28. Prescrición das infraccións

1. As infraccións previstas na presente ordenanza prescribirán nos prazos seguintes:

- a. As infraccións leves, ao ano.
- b. As infraccións graves, aos 3 anos.
- c. As infraccións moi graves, aos 5 anos.

2. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse dende o día no que a infracción se cometese ou dende que se tivese coñecemento da súa comisión.

Interrompe a prescrición da infracción a incoación, con coñecemento da persoa interesada, do procedemento sancionador, retomándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado máis dun ano por causa non imputable á persoa presuntamente responsable.

3. No caso de infraccións continuadas, o inicio do prazo de prescrición comezará a contarse dende que cesase a súa comisión.



Martes, 21 de xullo de 2026

Núm. 137

4. No caso de concorrencia de infraccións leves, graves e moi graves, ou cando algunha destas infraccións fose un medio necesario para cometer outra, o prazo de prescripción é o establecido para a infracción máis grave das cometidas.

5. Nas infraccións permanentes, o prazo de prescripción non comezará a computarse ata que cesase a situación infractora. Para estes efectos, enténdese que existe unha infracción permanente cando unha actividade concreta produce efectos que perduran no tempo.

Considéranse, así mesmo, comprendidas dentro das infraccións permanentes as infraccións por omisión, nas que o incumprimento nun determinado momento dunha obriga produce efectos permanentes.

DISPOSICION ADICIONAL

Como Anexo I a esta ordenanza inclúese o modelo de Comunicación previa para a tala de arborado en parcelas de solo de núcleo urbano ou núcleo rural.

DISPOSICION DERROGATORIA

Consideraranse derrogadas as disposicións que regulan materias contidas nesta ordenanza das seguintes normativas:

Ordenanza de Limpeza e Medio Ambiente Cerdedo. BOPPO num 110 -09 xuño 2016 e BOPPO num 198 - 17 Outubro de 2016

Ordenanza municipal de protección do medio ambiente Cotobade-BOPPO num 221 - 14 Novembro de 2014

DISPOSICION FINAL UNICA

A presente Ordenanza entrará en vigor aos quince días da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade cos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente Acordo, interporase recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede na Coruña no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Cerdedo Cotobade, a 17 de xullo de 2026

O alcalde

Jorge Cubela López

Documento asinado dixitalmente á marxe na data reflectida

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: WX875DD0NYL1EOC



Martes, 21 de xullo de 2026

Núm. 137

ANEXO I
COMUNICACIÓN PREVIA PARA TALA ARBORADO

SOLICITANTE	DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social				Teléfono	
	ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACION						
	Enderezo	Núm.	Esc.	Piso	Pt.	Cód. Postal	
	Parroquia	Municipio	Provincia			Email	

REPRESENTANTE	DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social				Teléfono	
	Enderezo	Núm.	Esc.	Piso	Pt.	Cód. Postal	
	Parroquia	Municipio	Provincia			Email	
	Acredita Representación: Si No						

LUGAR DA TALA	Lugar / Núcleo de poboación	Poligono	Parcela	
	Referencia catastral (no caso de ser coñecida)			
	Nome da especie (s) a talar:		Numero de exemplares a talar:	
	a)		a)	
	b)		b)	
	c)		c)	
	MOTIVO DA TALA		Por estar morto ou estado fisiolóxico decadente, Enfermidade vexetal, pragas	
Perigo de caída				
Danos a infraestructuras / construcións				
Para uso de leña				
Por construción				
Outros (especificar)		Por obrigada execución de corta		

DATA	SINATURA
Cerdedo Cotobade,.....de.....de 20.....	

